

Os empresarios do Barbanza ven mellores expectativas económicas en todas as súas áreas de negocio: industria, construción, comercio, hostalería e outros servizos


A debilidade da demanda é o factor que máis limita o crecemento da confianza empresarial

Son datos que aparecen recollidos no Indicador de Confianza Empresarial do 1º trimestre de 2010, presentado hoxe no Concello de Boiro e elaborado pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

Santiago-Boiro, 6 de maio de 2010.- A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela presentou esta mañá no Concello de Boiro o **Indicador de Confianza Empresarial (ICE) da Comarca do Barbanza** cos resultados do primeiro trimestre e expectativas para o segundo trimestre de 2010. No acto estiveron presentes o presidente da Cámara de Comercio, **Jesús Asorey**; o alcalde de Boiro, **Xosé Deira**; a concelleira de Economía, **Dores Torrado**; a secretaria xeral da Cámara, **Filomena Casal**; e o secretario xeral adxunto da mesma, **Fernando Barros**.

O ICE correspondente ao primeiro trimestre rexistrou unha caída lixeiramente máis moderada en relación ao último trimestre de 2009, aínda que se trata dun valor que non chega a ser tan negativo como o do primeiro semestre de 2009. **Sitúase en -6,62 puntos.**

INDICADOR DE CONFIANZA EMPRESARIAL




O retroceso do ICE de abril débese ao comportamento do índice de situación do primeiro trimestre, que rexistrou un descenso de 8 puntos ata -15. Polo contrario, o índice de expectativas para o próximo trimestre avanza 6,2 puntos, situándose en valores positivos de 1,7 puntos.

A continuación expónse un desglose por situación e expectativas:

- ICE: -6,62 (-5,75 no período anterior)
- Índice de Situación: -15 (-7 no período anterior)
- Índice de Expectativas: 1,7 (-4,5 no período anterior)

SITUACION Y EXPECTATIVAS



Por sectores, aumentan as expectativas en todos eles: Industria, construción, comercio, hostalería e outros servizos, situándose en valores positivos. A hostalería convértese no sector coas mellores expectativas, con valores de 18,3 puntos, avanzando desde os -22,8 do trimestre anterior.

En canto ao índice de situación danse valores moi variados dependendo do sector. Así, tanto a industria como o comercio e outros servizos ofrecen datos máis baixos en comparación ao último trimestre de 2009. Polo que se refire aos sectores da construción e a hostalería moderan a súa caída. A construción pasa de valores situados nos -37,1 puntos aos -31,9; a hostalería pasa de -36 a -19,9, mellorando a súa situación en 16 puntos.

Este descenso tanto no índice de situación como nas expectativas indica que hai unha serie de **factores que limitan a actividade económica**. Segundo este informe, a debilidade da demanda é a variable que mostra un comportamento máis negativo e a que contribuíu en maior medida a que o ICE retrocedese. De igual xeito, o resto de compoñentes do Indicador de Confianza comportáronse peor que no trimestre anterior (por exemplo, detectouse un influencia negativa do prezo de venda debido ao papel das rebaixas dos primeiros meses do ano).

Para o 67,9% dos empresarios do Barbanza a debilidade da demanda foi o factor que máis limitou a actividade empresarial, seguido doutras causas como a crise económica, a xestión do goberno ou o paro. A comparación entre o ICE-Barbanza (-6,62) e o ICE-España (-18,2) para o primeiro trimestre revela un resultado claramente máis positivo para a zona barbanzá.

O ICE faise sobre a base de enquisas realizadas a máis de catrocentas empresas (451 para este período analizado) dos concellos de Boiro, Rianxo, Pobra do Caramiñal, Ribeira e Porto do Son. Analiza trimestralmente as perspectivas das empresas da comarca do Barbanza sobre a cifra de negocio, emprego, prezos inversión e exportacións.

Úsanse dous baremos xerais: o Índice de Situación (que se refire á confianza actual do empresariado) e o Índice de Expectativas (que se refire á confianza do empresariado para o seguinte trimestre). Tanto o de Situación como o de Expectativas varían entre -100 e +100, de tal forma que os valores positivos indican avances, mentres que os negativos sinalan retroceso da actividade. Segundo o presidente da Cámara de Comercio trátase dun documento de gran utilidade para empresarios, Administración e a propia sociedade, con información rigorosa e relevante que analiza a situación e a evolución económica da comarca.

A Cámara agradece a participación activa de todos os membros do **Observatorio Económico da Antena Local de Boiro** (que tamén se reuniron esta mañá ás 11:00 horas para debater as diversas liñas de traballo previstas para os próximos meses), onde están os cinco concellos citados e a Mancomunidade de Municipios Arousa Norte, así como as asociacións empresariais e sectoriais da zona.

www.camaracompostela.com